



“Bendito o que vén en nome do Señor”

Aos sacerdotes, os consagrados e consagradas e todos os fieis laicos

Queridos irmáns e irmás da nosa Diocese de Mondoñedo-Ferrol:

Como administrador diocesano e no nome do Colexio de Consultores, diríxome a todos vós, tamén a todas as persoas de boa vontade, para darvos a boa noticia de que o papa Francisco nomeou bispo da nosa Diocese ao P. Luís Angel das Heras Berzal, misionero fillo do Corazón de María (CMF), na actualidade presidente da CONFER España (Conferencia Española de Religiosos) e superior provincial da provincia de Santiago dos Misioneros Claretianos.

A nosa Igrexa diocesana conta cun novo pastor que nos presidirá no nome de Cristo, o Bo Pastor, logo da marcha para Santander do noso anterior bispo D. Manuel, que nos deixou un grato recordo. A súa toma de posesión e ordenación episcopal está prevista para o vindeiro día sete de maio na Catedral de Mondoñedo.

Dámoslle grazas a Deus que non deixa de mirar polo ben da súa Igrexa e ao papa Francisco polo nomeamento dun misionero que nos axude a abrir novos camiños de evangelización nestes tempos e nesta sociedade tan necesitada de testemuñas e apóstolos do Reino de Deus.

Acollámolo como irmán e como pai. Esteamos dispostos a facilitar a súa misión e a conlevar con el a responsabilidade de asumir este ministerio apostólico que se lle encomendou. Estou seguro que non lle faltará a nosa oración constante, a nosa colaboración necesaria e xenerosa, e a disponibilidad de cada un na medida dos nosos dons e capacidades.

Querido P. Luís Angel, benvido a súa Igrexa particular de Mondoñedo-Ferrol que vai presidir, guiar e acompañar nestas terras tan entrañables do norte de Galicia.

Mondoñedo-Ferrol, 16 de marzo de 2016.

Antonio Rodríguez Basanta
Administrador diocesano de Mondoñedo-Ferrol